

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

ANUNCIO do 4 de marzo de 2022, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se fai pública a declaración de impacto ambiental do proxecto de aumento do caudal vertido autorizado de augas residuais industriais dunha planta de produción de taboleiros de fibra de densidade media (MDF) no concello de San Sadurniño (A Coruña) (expediente 2017/0182).

De conformidade co artigo 41.3 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11 de decembro), faise pública a declaración de impacto ambiental formulada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático o 3 de marzo de 2022, do proxecto de aumento do caudal vertido autorizado de augas residuais industriais dunha planta de produción de taboleiros de fibra de densidade media (MDF) no concello de San Sadurniño (A Coruña) promovido por Industrias del Tablero, S.A. (Intasa).

A dita declaración poderase consultar na ligazón:

<https://cmatv.xunta.gal/resoluciones-da-avaliacion-ambiental-de-proxectos> e nas dependencias da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, sitas en Santiago de Compostela (San Lázaro, s/n, planta baixa).

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2022

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental,
Sostibilidade e Cambio Climático

CVE-DOG: nx5iey02-rsd6-iqv8-mez8-wcxde8uo7tn1

